

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2016

Desde 1992, cada 10 de outubro celébrase o ***Día Mundial da Saúde Mental*** por iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH) e co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS).

Este ano o lema internacional elixido é ***"Dignidade en saúde mental – primeiros auxilios psicolóxicos e de saúde mental para todos"***. En continuidade co tema do pasado ano, preténdese resaltar a importancia de proporcionar unha atención temperá ás persoas que sofren enfermidades mentais, en igualdade de condicións que o resto da asistencia sanitaria, para poder seguir avanzando cara á eliminación do estigma e a discriminación.

Pola súa banda, a Confederación SAÚDE MENTAL ESPAÑA propón o lema ***"Son coma ti aínda que aínda non o saibas"***, para seguir apelando á empatía da sociedade para coas persoas con problemas de saúde mental, incidindo en que son moitas máis as cousas que todas as persoas temos en común que as que nos diferencian e na importancia de saber poñernos no lugar dos demais para comprendernos mellor.

Desde o **Plan Local de Drogodependencias e outras Adicciós** (PLDA) de Vigo aproveitamos esta data para poñer en valor o traballo cotián das entidades que forman parte da nosa organización e de moitas outras que operan neste ámbito na cidade de Vigo, manifestar pleno apoio ás accións do **Día Mundial da Saúde Mental** e reiterar o noso compromiso de seguir traballando pola mellora da imaxe das persoas con enfermidades mentais e da atención de todas as súas necesidades.

Vigo, 3 de outubro de 2016

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política Social do Concello de Vigo
Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas